

CONSULTA PÚBLICA

PARTICIPACIÓN CIDADÁ EN PROCEDEMENTOS DE ELABORACIÓN DE NORMAS: ARTIGO 133 LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

NORMA A ELABORAR: ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO E RÉXIME DO SERVIZO DE USO DE MATERIAL REPRODUTOR DE AUDIOGUÍAS PARA VISITAS TURÍSTICAS E CULTURAIS DO CONCELLO DE VIVEIRO

1.- Antecedentes da norma:

Dende o Concello de Viveiro estase iniciando o procedemento de elaboración da **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO E RÉXIME DO SERVIZO DE USO DE MATERIAL REPRODUTOR DE AUDIOGUÍAS PARA VISITAS TURÍSTICAS E CULTURAIS DO CONCELLO DE VIVEIRO**

Determina o artigo 4.1a) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local o que segue: “na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, corresponden en todo caso aos municipios, as provincias e islas: a) as potestades regulamentarias e de autoorganización.”, sendo a Ordenanza municipal o medio de regulación dos Municipios.

Determina o artigo 84.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local o que segue: “As entidades locais poderán intervir a actividade dos cidadáns a través dos seguintes medios: a) ordenanzas e bandos. ...”

De conformidade co disposto no artigo nos artigos 41 do Real Decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais este concello pretende establecer un prezo público polo uso do material reprodutor das audioguías para a promoción turística e cultural de Viveiro. A actividade enmarcarase dentro da competencia legalmente atribuída polo artigo 25, 2, h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Coa aprobación da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común regúlase a participación dos cidadáns, organizacións e asociacións que o consideren oportuno no procedemento de elaboración das normas (artigo 133 da citada lei) a través dunha consulta que ten por obxecto recabar a opinión dos suxeitos e organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma sobre os seguintes aspectos:

- a) Problemas que se pretendan solucionar coa iniciativa.
- b) Necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Obxectivos da norma.
- d) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

2.- Problemas que se pretenden solucionar.

Coa aprobación da ordenanza asegúrase a xestión ao acceso ao servizo de uso de material reprodutor de audioguías para visitas turísticas a través de auriculares illantes e tarxetas SD, coa finalidade de dotar de maior relevancia e posibilidades ao produto das audioguías turísticas e complementar os recursos turísticos e culturais do Concello de Viveiro.



Concello de Viveiro

3.- Necesidade e oportunidade da súa aprobación.

Correspondendo aos Concellos na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, as potestades regulamentarias e de autoorganización do Municipio e sendo a Ordenanza municipal o medio propio de regulación faise necesaria a elaboración dunha ordenanza que estableza o marco legal de actuación en materia de regulación do servizo de uso de material reprodutor de audioguías para visitas turísticas a través de auriculares illantes e tarxetas SD.

4.- Obxectivos da norma.

Fixar a normativa que estableza o marco legal de actuación en materia de regulación do prezo público e réxime do servizo de uso de material reprodutor de audioguías para visitas turísticas e culturais do Concello de Viveiro.

5.- Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

- a) Desenvolver a normativa a través de ordenanza municipal

O feito de garantir a seguridade xurídica establecida na Constitución Española e cumprir co establecido nas leis en canto a marcar as competencias locais faise necesario a regulación e desenvolvemento das normas, sendo a ordenanza o medio propio dos Concellos para a regulación normativa.

- b) Non proceder ao desenvolvemento da normativa a través de ordenanza

Unha ordenanza é a norma xurídica propia de regulación normativa dos Concellos. Non proceder ao desenvolvemento xeraría inseguridade xurídica e non se cumpriría co mandato constitucional.

6.- CONSULTA PÚBLICA. Prazo da consulta.

Dende o momento da publicación da presente consulta no Portal web do Concello de Viveiro os suxeitos e organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma gozarán dun prazo de 20 días hábiles para a presentación da opinión que consideren en relación á futura norma e que se remitirá a este Concello enviándoa ao mail schp.tesoreria@viveiro.es ou rexistrándoa de entrada a través do rexistro xeral do Concello de Viveiro.

En Viveiro, na data da sinatura dixital ao marxe

María Loureiro García

Alcaldesa de Viveiro

